

A ANTÁRTIDA

BIBLIOTECA IES AS MARIÑAS

CURSO 2014-15



Robert



Roald Amundsen



A Antártida é o continente máis frío, seco e xeado do planeta. Agás un 2%, o continente enteiro está cuberto de xeo. Se todo ese xeo se derretese, os océanos do mundo subirían 60 metros de altura e deixarían a maioría das grandes cidades do mundo baixo a auga.

O grosor medio do xeo na Antártida é de 2.000 metros.

A temperatura máis baixa que se ten rexistrado foi de -89° en xullo de 1983.

A conquista do Polo Sur



Aventura en el hielo. La difícil lucha por llegar al Polo Sur

O noruegués Roald Amundsen e o inglés Robert Scott alcanzaron fama mundial por ser os primeiros en descubrir o Polo Sur. As súas expedicións partiron do porto sen saber que a conquista se ía converter nunha carreira. Amundsen conseguiu, días máis tarde fíxoo Scott. Aínda que, este último morreu no camiño de regreso. A fama mundial levárona eles dous, pero antes intentárono moitos outros exploradores. Grazas aos esforzos de todos, grandes e pequenos, logrouse o obxecivo final: O Polo Sur.



Scott y Amundsen. La conquista del Polo Sur.

O británico Robert Scott e o noruegués Roald Amundsen tiñan moi poucas cousas en común, pero compartían un soño: ambos os dous ambicionaban ser o primeiro home en pisar o Polo Sur. Con este propósito, a finais de 1911 os dous aventureiros emprenderon unha temeraria carreira sobre rexións inexploradas da Antártida. Durante catro meses percorreron a pé cerca de 3.000 quilómetros, ascenderon montañas por perigosos glaciares e soporataron temperaturas de ata -50° .






Amundsen- Scott: duelo en la Antártida

Javier Cacho

“Se tivésemos vivido, podería contar unha historia que falase da audacia, a enteira e a coraxe dos meus compañeiros, que conmoería o corazón dos ingleses. Terán que ser estas improvisadas notas e os nosos cadáveres os que a conten”

Robert F. Scott






Carrera al límite. Amundsen, Scott y la conquista del Polo Sur.

Ross D. E. MacPhee

Carrera al límite ofrece extractos de diarios e cartas escritas polos exploradores; debuxos, pinturas e fotografías de paisaxes antárticas mostrando as súas condicións de vida, equipo e formas de transporte; imaxes nunca antes publicadas de obxectos e documentos relacionados con ambas expedicións.




El Polo Sur

Alexis Nolla

Este libro conta a historia liderada por Scott, a expedición dos fracasados, xusto no seu último tramo cando os británicos se dan conta de que Amundsen os adelantara na conquista do territorio máis meridional do planeta.


Alexis Nolla debuxa a beleza da derrota, do triste e o decadente, dese último esforzo para afrontar unha morte segura, nuns tempos e unha cultura na que o fracaso só podía redimirse co honor.



El peor viaje del mundo

Apsley Cherry-Garrard


A exploración polar é a forma máis cruel e solitaria de pasalo mal. O explorador británico A. Cherry-Garrard contáno a través da súas vivencias na expedición do capitán Scott ao Polo Sur, acontecida entre 1910 e 1913, na que este e tres dos seus homes atoparon a morte. Esta expedición estivo marcada polo infortunio desde o comezo, cando o autor deste libro e dous homes máis estiveron ao borde da conxelación e a loucura, considerando entón a posibilidade de fenecer.



El gran desafío de los Polos

Bertrand Imbert

A partir do século XVI, os exploradores intentan o imposible. Unha historia cargada de dramas que teñen como heroes a Hudson e Barents, Franklin e Scott. Unha saga de fazañas, con destacados actores como Nansen, Nordenskjöld, Amundsen e Shackleton. Unha búsqueda fantástica para penetrar nos segredos do inferno dos xeos.




La última marcha

M. F. Fernández Martínez


Scott e Amundsen mantiveron unha trágica competición por ser os primeiros en chegar ao Polo Sur. Nesta obra atopamos, con base en fontes documentais orixinais, unha reconstrución polo miúdo da expedición británica (1910-1913), e unha análise totalmente orixinal da norueguesa (1910-1912).












Ruta de Scott
 Salida: 01 / nov / 1911
 Unos 1.400 kilómetros hasta el Polo Sur

Ruta de Amundsen
 Primera salida: 08 / sep / 1911
 Salida definitiva: 20 / oct / 1911
 Unos 1.300 kilómetros hasta el Polo Sur



Expedición Imperial Transartártica



-  Viaxe do *Endurance*
-  Deriva do *Endurance* no xeo
-  Deriva dos acampados sobre a banquisa despois do afundimento do *Endurance*
-  Viaxe do *James Caird*
-  Rota transartártida prevista
-  Viaxe do *Aurora* á Antártida
-  Retirada do *Aurora*



Ernest Shackleton




Endurance



"Búscanse homes para viaxe perigosa. Soldo escaso. Frio extremo. Longos meses de completa escuridade. Perigo constante. Non se asegura o regreso. Honor e recoñecemento en caso de éxito".

En 1907 este anuncio no Times causou idéntica impresión que agora. Responderon máis de 5.000 aspirantes.




Shacklenton, el indomable

Javier Cacho

Estudiante díscolo, aprendiz tenaz, poeta soñador, mariño intrépido, explorador incansable, líder prudente, esposo e amante, empresario fracasado, heroe do imperio. En Shackleton había algo máis que optimismo, entusiasmo ou seguridade na súa boa estrela: había unha enerxía que podía con todo. O seu ímpeto, que parecía inesgotable, e a súa capacidade de liderado contaxiaba os seus homes coa seguridade de que tras el podían logralo, ou polo menos debían intentalo. Con el nacerá unha lenda: a do indomable Shackleton.

Ernest Shackleton soñou toda a súa vida con viaxar á Antártida e ser o primeiro explorador en conquistar o Polo Sur. Aínda que se preparou durante anos e o intentou en varias ocasións, ata o límite das súas forzas, nunca o logrou.

Ernest Sacklenton



Los viajes de Shackleton a la Antártida

Alberto Fortes

Ao ver o seu rostro nas antigas fotografías sorprende a dureza das súas faccións: parecen esculpidas en pedra. Pero os seus ollos destilan intelixencia e tenrura... Shackleton era un xefe nato, un condutor de homes. Sabía inculcarlles a sede de conquistar territorios ignotos e virxes, pero chegado o caso, ao fracasar, era capaz de esquecer a chamada da fama e meterse nunha tarefa en aparencia menor: a vontade de sobrevivir.




- 1 → Trayecto del Endurance, barco usado por Shackleton
- 2 → El barco es atrapado y arrastrado por los hielos
- 3 → La tripulación escapa en tres botes salvavidas
- 4 → Inicio del viaje en el bote James Caird

Atrapados en el hielo (Libro e película)

Una lucha desesperada del hombre contra la naturaleza




Poucos días antes do inicio da I Guerra mundial, o explorador Ernest Shackleton e a súa tripulación iniciaron unha expedición que debía marcar un fito na historia das exploracións: a primeira viaxe a pé pola Antártida. Os soños deses homes víronse truncados a poucos quilómetros do seu destino. O Endurance, o barco no que viaxaban, quedou atrapado no xeo. O curso da expedición cambiou de meta e converteuse nunha loita desesperada do home contra a natureza.



Shackleton. La odisea de la Antártida

Fascinante documento sobre a expedición, descobre por vez primeira todas as imaxes do fotógrafo F. Hurley que sobreviviron á odisea.




Endurance (cómico)

Luis Bustos

Esta é a historia dun fracaso. Pero tamén dunha vitoria. A de 27 homes ás ordes do explorador británico Ernest Shackleton a bordo do navío Endurance.

A expedición imperial transantártida de 1914 tiña como obxectivo cruzar por vez primeira a Antártida en zorra. Os seus protagonistas acabarían vivindo a historia de supervivencia máis increíble xamais contada. Era o final da idade heroica e o principio dun novo mundo.




El viaje de Shackleton

William Grill

“Sentíame extrañamente atraído polo misterioso Sur. Prometinme a min mesmo que un día iría á rexión do xeo e a neve, e que avanzaría sen descanso ata chegar a un dos polos da Terra, o final do eixe sobre o que xira esta gran bola redonda”

Ernest Shackleton

Un libro fermosamente ilustrado que narra a historia desta épica aventura.



En los confines del mundo. La odisea de Sir Ernest Shackleton (cómico)

A bordo del Endurance, Shackleton e os seus tripulantes deberon demostrar a súa resistencia, a súa determinación e o seu aguante... e enfrontarse aos seus peores medos cando o barco quedou bloqueado nun banco de xeo, sen imaxinar que daquela maneira empezaba unha aventura que sería recordada durante cen anos.

Shackleton foi un líder de expedición fóra do común, que logrou sacar aos seus homes dunha situación na que nunca debería telos metido.

Amundsen, Scott e Shackleton noutros libros


¡EXPLORA!

Deborah Kespert

Las expediciones más peligrosas de todos los tiempos

DESCUBRE AS AVENTURAS QUE VIVIRON EXPLORADORES DE ONTE E HOXE DO MUNDO ENTEIRO


Entre eles **Scott e Amundsen**, Cristóbal Colón, Neil Armstrong, Mary Kingsley, Amelia Earhart e moitas máis historias de heroísmo...



Historias increíbles

Historias protagonizadas por homes e mulleres valentes que perseguiron un soño, unha idea que á maioría lles parecía inalcanzable e mesmo disparatada. Relatos que demostran de que somos capaces ou, cando menos, de que son capaces algúns.

Marco Polo, **Ernest Shackleton**, Amelia Earhart, Thor Heyerdahl, Maurice Herzog e Louis Lachenal.



Para todas as idades




Nos vemos en la Antártida

Nurit Zarchi/Batia Kolton

Un home recibe un paquete equivocado unha mañá, camiño da oficina. No só chegará tarde polos caprichos e demandas da voz que sae do paquete, senon que ademais deberá pospor a ida (dentro do paquete hai un ovo por incubar) e emprender unha viaxe urxente á Antártida

Do ovo sairá un de pingüino que hai que entregar!



Polo Sur. Extraños en la Antártida

Mike Bonales

Un raposo polar, un oso polar e un pingüino real.

Ningún deles pertencía á Antártida, pero unha serie de circunstancias le-vounos a este ecosistema inhóspito e perigoso, un dos hábitats máis duros do planeta, illado por miles de quilómetros do resto dos continentes.

Sen embargo, eles vanse acostumar perfectamente a estas condicións límite...



Sofía viaja a la Antártida

Alison Lester


Conta a aventura dunha nena de nove anos que se embarca co seu pai e un grupo de científicos no barco Aurora Australis, de expedición á Antártida. Narrado en forma de diario, o libro inclúe información, fotografías e un gran número de ilustracións que invitan a coñecer un dos lugares máis fermosos do planeta.



Historia de dos pingüinos

Eric Pujadas


Cando Plunkett e Lawrie deciden iniciar unha serie de expedicións polas terras do Polo Sur, pouco se imaxinan que terán que pasar anos antes de realiz-las.



Animales polares

Explora o Ártico e a Antártida e descubre oito asombrosos animais que habitan nos Polos.

Fauna



El Ártico y la Antártida


Paisaxes do frío, o Polo Norte e o Polo Sur, a xente que vive alí, os animais, os icebergs...



Animales al límite

Fotografías, despregables, records acadados e todo tipo de curiosidades.

Relato da primeira muller no Polo Sur




Las niñas buenas no van al Polo Sur

Liv Arnesen

A Noiteboa de 1994, Liv Arnesen pisaba o Polo Sur tras 50 días e 1100 quilómetros de travesía solitaria. Convertíase, deste xeito, na primeira muller en chegar ao Polo Sur sen apoios.

Parece algo difícil, un reto que poucos poden alcanzar e, sen embargo, cando o lector entre neste relato, verá que basta con transformar un “soño” nunha meta, racionalizar a maneira de alcanzala fisicamente, planificar para buscar orzamento, e prepararse mentalmente para enfrontarse coas consecuencias e co proceso– sexan estes o éxito ou o fracaso–.

Un científico no continente esquecido



Un viaje a la Antártida

Sergio Rossi

A Antártida, unha gran extensión de mar, rocha e xeo en continuo movemento, onde a temperatura media non acostuma superar os cero graos centígrados e que se mantivo virxe ata inicios do século pasado, exerce un decisivo papel como regulador do clima global do planeta e alberga prodixiosas e pouco coñecidas formas de vida.

Viaxar á Antártida, un soño feito realidade



Viaje a la Antártida

León Lasa

Soa a serea. Destino: Península Antártida; escalas: Illas Malvinas e Xeorxias do Sur. Mares preñados de historia, illas onde se libraron as últimas guerras modernas, paisaxes sobrecolledoras. Chega o momento de partir.


Chus Lago, a primeira española que chegou ao Polo Sur

Coa forza das súas pernas e os seus 57 quilos de peso, logrou arrastrar un trineo que pesaba 113 quilos.

Non podía levar un trineo máis pequeno. Ía soa e tiña que levar material “repetido” por se acaso.

Chus Lago (Vigo 1964), alpinista, converteuse ademais en 1999 na segunda muller española en escalar o Everest





100 Cosas que deberías saber sobre los exploradores

Unha apaixonante viaxe na que descubrirás os grandes exploradores que percorreron a Terra.

Cen feitos acompañados de fotografías, ilustracións, xogos,




Marco Polo. La ruta de las maravillas

Yue Hain-jun

Cando o veneciano Marco Polo emprendeu, a finais do século XIII, a viaxe máis fascinante que se realizou nunca, era moi pouco o que en Occidente se sabía de Asia


Outros exploradores



Exploradores del mundo

Grandes historias de aventura y fortaleza

Este libro permite seguir os pasos dos exploradores máis intrépidos e descubrir por que as súas misións acabaron en éxito ou traxedia.



Grandes aventureras

1850-1950


As exploradoras con miriña-que tiñan sentido do humor. Co convencemento de que ningunha situación é xamais desesperada, xuntaron flema e ledicia.



La maldición de los exploradores

Lorenzo Fernández Bueno

Estes son algúns dos misterios que presenta o autor despois de ter viaxado aos lugares nos que dez grandes exploradores perseguiron os seus soños, intentando chegar onde ninguén chegara... territorios inhóspitos e repletos de misterio nos que moitos deles perderon a vida.



En busca de las fuentes del Nilo

Tim Jeal

Esta excepcional obra invítanos a acompañar a sete grandes exploradores que arriscaron as súas vidas nunha carreira por encontrar as fontes do Ni-



Los conquistadores de los mares

Apaixonadas viaxes, aventuras ou descubrimentos, riscos, riquezas ou poder, ou simplemente obrigados a embarcarse para asegurarse a supervivencia, valentes mariñeiros lanzáronse ao mar máis aló do horizonte.




Exploraciones polares

Unha viaxe á época heroica das grandes exploracións polares.

O libro inclúe:

Morte no Ártico, Nansen cruza Groenlandia, a última viaxe de Scott, O Paso do Noroeste, a viaxe de Shackleton, a conquista do Polo Sur e a era da aviación.


Explorando noutras lecturas



A expedición do Pacífico

Marilar Aleixandre


Unha novela baseada na historia real da última expedición ó Pacífico que levou o Premio Merlín no ano 1994 e o Premio da crítica en 1995



Una odisea nórdica

Jack London


O río Yukón, que atravesa a península de Alaska, xace oculto baixo un manto de neve. Polo norte e polo sur, tan lonxe como chegue a vista, sobre esa brancura ininterrompida esténdese a liña fina e escura da rota dos buscadores de ouro.



Al límite de nuestras vidas

Philippe Nessmann

“A nosa gran aventura empezou no verán de 1908. O comandante Peary veume buscar. Eu, Matthew Henson, fun con el á conquista do Polo Norte”



Marco Polo. Libro de las maravillas


A viaxe máis marabillosa xamais contada; así podería calificarse esta obra, a primeira que mostra aos ollos da Europa medieval, as incontables riquezas do continente asiático.



¡Polizón a bordo!

Vicente Muñoz Puelles


Gonzalo contanos a verdadeira historia do descubrimento do Novo Mundo. De neno, oculto na bodega, partiu na expedición rumbo ás Indias.



El oro de los sueños

José María Merino

O mozo Miguel abandona a súa aldea para formar parte da expedición que ten como obxectivo a busca do reino da gran Yupaha.



Viajes a las regiones interiores de

África

Mungo Park


Este diario describe un territorio, o curso do río Níxer, inexplorado ata finais do século XVIII. Esta expedición constitúe unha das maiores aventuras que tiveron lugar no interior de África



El corazón del océano

Elvira Menéndez

En 1550, oitenta damas e un grupo de mariños queren chegar ás Indias. Nin os piratas, nin a peste, nin as penalidades puideron con eles.




El país de las sombras largas

Hans Ruesch

No primeiro libro, Ernenek, un esquimó do Ártico, contanos todos os acontecementos da súa vida.

Na segunda entrega é Papik, o seu fillo, quen se ve envolto en dificultades co home branco.

Regreso al país de las sombras largas



Películas e documentais



Bajo cero

O mal tempo e un terrible accidente obriga aos membros dunha expedición científica a evacuar a Antártida.



El viaje del Emperador

Un periplo de centos de quilómetros a través das inhóspitas e xeadas paraxes ata o máis recóndito da Antártida.



Los reyes del Ártico

Documental que segue a vida dunha morsa e un oso polar que a terra xeadada onde viven estase derretendo, ameazando o seu fogar e a súa existencia.



Colmillo blanco

Baseada na novela de Jack London, conta a historia dun rapaz que emprende unha viaxe por Alaska.




Tierra

Usando o sol como guía partimos cara a unha viaxe con escala no Ártico, onde unha familia de osos polares desperta baixo as primeiras luces da primavera na busca de comida antes do desxeo.



Planeta humano. Capítulo VI: Ártico

A 40 graos baixo cero, no inverno do Ártico, nada medra: extensións de xeo e neve dominan a paisaxe. Nun dos hábitats máis rudos da Terra, catro millóns de persoas amañáronse para sobrevivir en condicións aparentemente inhóspitas, nas que utilizan a natureza para o seu propio beneficio.




Los hombres del hielo

As aventuras destes dous exploradores que se adentraron na Antártida na busca do Polo Sur.



Shackleton. La odisea en la Antártida (Parte I e II)

<http://www.youtube.com/watch?v=c6wMcTAqBBE>



Al filo de lo imposible. Viajeros del viento

<http://www.youtube.com/watch?v=ukgfoboV-WE>

En youtube